

Informe sobre os indicadores de actividade e de VEB do sector servizos

Período de referencia: abril de 2025

Data de publicación: 20/06/2025


Principais resultados

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra un crecemento interanual do 0,2% no mes de abril.
- En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 1,7%.
- O persoal ocupado no sector servizos medra un 1% en Galicia e un 1,3% en España.


1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

En abril, o indicador de actividade no sector servizos en Galicia rexistra un crecemento interanual do 0,2%. Esta taxa é inferior en 7,9 puntos á rexistrada no mes de marzo. En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 1,7%, taxa inferior en 5,6 puntos á do mes de marzo.



O *Comercio* diminúe a súa facturación o 1% e resta 0,7 puntos á taxa de variación do índice xeral; *Outros servizos* crece o 3,6%. En España a facturación aumenta o 1,1% en *Comercio* e o 2,9% en *Outros servizos*.



Nas actividades comerciais, *Venta e reparación de vehículos de motor* baixa o 11,6% e *Comercio por xunto* o 0,6%. O *Comercio ao retalho* aumenta un 2,1%. A nivel nacional, *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 1,5%, *Comercio por xunto* o 0,1% e *Comercio ao retalho* o 3,1%.

En *Outros servizos*, o maior crecemento rexístranse en *Hostalería* (12,1%). En España, o maior incremento prodúcese tamén en *Hostalería* (8,2%).


1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 0,7% en abril.

Os sectores con maiores incrementos son *Hostalería* (12,2%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (7,9%).

1.3 Datos corrixidos de efectos de calendario

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de efectos de calendario segundo o método de ponderación. O índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 2,8% respecto ao mes de abril do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 0,7%.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de abril respecto ao mesmo mes de 2024. Illes Baleares (8,4%), Canarias (5,6%) e La Rioja (5%) rexistran o maior incremento da facturación. Pola contra, os menores crecementos rexístranse en Galicia (0,2%) e Extremadura (0,5%).

Índices de cifra de negocios. Abril 2025

Taxas de variación (%)



2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1% respecto a abril de 2024 e un 1,3% en España.

O persoal ocupado crece un 0,6% en *Comercio* e un 1,3% en *Outros servizos*. O sector con maior incremento é *Transporte* (5,8%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,3% tanto en *Comercio* coma en *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase en *Venta e reparación de vehículos de motor* (2,0%).

Indicador de actividade do sector servizos.
Persoal ocupado. Taxa de variación interanual (%)




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

O emprego no sector servizos increméntase en dezaseis comunidades autónomas no mes de abril. As comunidades con maiores aumentos do persoal ocupado son Illes Balears (3%) e Navarra (2,8%). En Andalucía, o emprego mantense sen variacións.

Índices de persoal ocupado. Abril 2025

Taxas de variación (%)



Notas metodolóxicas. Definicións

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Abril 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	134,1	0,2	4,2
Comercio	135,0	-1,0	3,3
Venta e reparación de vehículos de motor	131,7	-11,6	-7,2
Comercio por xunto	141,0	-0,6	5,3
Comercio ao retallo	119,4	2,1	1,5
Outros servizos	132,0	3,6	6,7
Transporte	144,9	4,3	5,3
Hostalería	150,5	12,1	6,3
Información e comunicacións	127,0	-6,2	0,0
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	115,1	4,0	17,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	121,5	8,4	10,5
España			
Xeral	127,4	1,7	4,3
Comercio	124,6	1,1	4,1
Venta e reparación de vehículos de motor	137,3	1,5	4,7
Comercio por xunto	121,9	0,1	4,6
Comercio ao retallo	126,9	3,1	2,9
Outros servizos	132,4	2,9	4,7
Transporte	133,9	1,3	5,0
Hostalería	158,1	8,2	4,2
Información e comunicacións	120,0	1,7	2,4
Actividades inmobiliarias	125,7	3,2	9,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	123,7	0,7	4,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	155,4	3,8	5,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Abril 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	133,9	0,7	4,0
Comercio	129,8	-1,6	1,9
Transporte	140,7	3,1	5,3
Hostalería	157,5	12,2	7,0
Información e comunicacións	131,0	-6,5	-0,2
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	120,0	-5,0	7,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	121,9	7,9	9,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Abril 2025**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
ESPAÑA	127,4	1,7	4,3
Andalucía	135,0	0,7	3,1
Aragón	116,1	1,5	4,0
Asturias	127,0	0,9	3,4
Balears, Illes	143,1	8,4	6,2
Canarias	151,5	5,6	5,0
Cantabria	119,0	1,7	3,2
Castilla y León	123,0	4,3	5,4
Castilla-La Mancha	125,2	1,1	3,7
Cataluña	124,8	1,2	3,0
Comunitat Valenciana	126,4	2,4	3,5
Extremadura	118,3	0,5	1,9
GALICIA	134,1	0,2	4,2
Madrid	124,5	1,1	5,7
Murcia	124,3	0,6	3,5
Navarra	133,4	1,3	4,5
País Vasco	123,6	4,1	6,3
Rioja, La	136,2	5,0	4,3

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Abril 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	105,8	1,0	1,3
Comercio	102,8	0,6	0,7
Venta e reparación de vehículos de motor	100,4	1,2	2,1
Comercio por xunto	103,5	1,2	0,4
Comercio ao retallo	102,9	0,2	0,6
Outros servizos	107,7	1,3	1,7
Transporte	105,5	5,8	5,4
Hostalería	113,6	-0,5	0,2
Información e comunicacións	113,6	1,6	0,1
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,1	0,4	1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,9	0,9	1,9
España			
Xeral	108,6	1,3	1,4
Comercio	105,9	1,3	1,3
Venta e reparación de vehículos de motor	105,9	2,0	2,1
Comercio por xunto	106,3	1,1	1,1
Comercio ao retallo	105,7	1,2	1,2
Outros servizos	110,0	1,3	1,4
Transporte	109,2	1,7	1,6
Hostalería	116,3	0,4	0,7
Información e comunicacións	112,7	1,0	0,9
Actividades inmobiliarias	101,3	1,1	0,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,3	1,5	1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,5	1,9	2,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Abril 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
ESPAÑA	108,6	1,3	1,4
Andalucía	108,9	0,0	0,6
Aragón	103,7	1,2	1,3
Asturias	105,8	0,8	0,1
Balears, Illes	118,9	3,0	2,2
Canarias	114,1	2,0	2,8
Cantabria	104,9	2,4	2,3
Castilla y León	102,5	0,3	0,7
Castilla-La Mancha	106,2	1,2	1,6
Cataluña	109,5	1,4	1,0
Comunitat Valenciana	105,9	1,5	1,4
Extremadura	105,5	0,6	-0,1
GALICIA	105,8	1,0	1,3
Madrid	111,0	1,9	2,1
Murcia	108,6	1,2	1,1
Navarra	107,9	2,8	2,9
País Vasco	104,0	0,1	0,4
Rioja, La	105,7	1,2	0,3

Fonte: INE